



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía de Arousa

Rúa Entrante nº7
36600 Vilagarcía de Arousa
Telfs: 986 566 440

Protocolo de Medidas Hixiénico Sanitarias
Exames de Certificación e Promoción
Convocatoria ordinaria – xuño 2021
- Alumnado -

IMPORTANTE:

A asistencia ás probas implica a lectura e aceptación das presentes medidas. Para garantir a seguridade de alumnado e profesorado, o centro poderá expulsar a calquera persoa que as incumpra.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía de Arousa

Rúa Entrante nº7
36600 Vilagarcía de Arousa
Telfs: 986 566 440

- 1. Antes de acudir ao centro**
- 2. Acceso ao centro**
- 3. Protección colectiva**
- 4. Protección individual**
- 5. Probas escritas**
- 6. Probas orais**
- 7. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo**
- 8. Uso dos espazos comúns e aseos**

Anexo I: enquisa de autoavaliación clínica da COVID-19



1. Antes de acudir ao centro

- a) Deberá realizar unha auto-enquisa do seu estado de saúde, non podendo acudir ao centro se presenta unha temperatura de 37,5 °C ou máis, se ten síntomas compatibles coa Covid-19 ou se está en corentena por convivir ou ter contacto estreito con persoas diagnosticadas. As persoas diagnosticadas nos últimos 14 días non poderán acceder ao centro. O modelo de auto-enquisa está dispoñible ao final de este documento.
- b) Deberá comprobar a súa aula de exame ou de agarda. Así mesmo, deberá ter en conta as horas de acceso graduado ás instalacións en función da aula para evitar aglomeracións innecesarias.
- c) Deberá vir provisto de máscara e do material necesario para a realización das probas escritas, dado que non é recomendábel partillar material e o profesorado non partillará o seu.
- d) Recoméndase que veña provisto de auga ou líquidos para beber dada a longa duración das probas escritas.
- e) O incumprimento das medidas de protección suporán a inmediata expulsión do centro.

2. Acceso ao centro

Segundo as medidas establecidas pola Xunta de Galicia no *Protocolo de Adaptación ao Covid 19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2020-2021*, a entrada ao centro farase de forma gradual para evitar, na medida do posible, as aglomeracións. Isto poderá aumentar a duración total da proba.

Lembre a distribución de aulas:

- No baixo están: aulas 01, 02 e 03, salón de actos, biblioteca e obradoiro da biblioteca.
- No primeiro andar están: aulas 11, 12, 13, 14, 15 e 16.
- No segundo andar están: aulas 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, e 27.

Para facilitar o mantemento da distancia de seguridade no acceso e saída ao centro, **para as probas escritas establecerase un chamamento graduado** no hall exterior do acceso principal en función da hora e do andar no que realice o seu exame:

Aulas no baixo: 09:55 e 15:55

Aulas no primeiro andar: 09:50 e 15:50

Aulas no segundo andar: 09:45 e 15:45

As persoas que cheguen tarde deberán agardar ao final do chamamento para acceder á súa aula, sempre e cando o exame non teña comezado.

Para as **probas orais**, as persoas candidatas **deberán acudir ós espazos de agarda** indicados nas convocatorias.



Para asegurar o mantemento da **distancia de seguridade** nos accesos ás aulas, empregárase a escaleira norte, entrando á dereita, (xunto ao ascensor) para a subida ás aulas e a escaleira central para a baixada e saír do centro.

O tránsito de persoas no centro está claramente sinalizado para facilitar os desprazamentos:

- Como norma xeral, mantéñase á dereita do espazo polo está a empregar.
- As marcas azuis identifican traxectos interiores no edificio.
- As marcas laranxas identifican rutas de saída.

O uso do ascensor está limitado estritamente a persoas con dificultades de mobilidade.

3. Protección colectiva

O uso da máscara é **obligatorio** en todo momento. Non se poderá acceder ao centro nin ao recinto sen a máscara, conforme a normativa vixente.

- a) No acceso de cada andar e nas aulas están dispostos dispensadores de xel hidroalcolico, que permitirán realizar unha hixiene de mans adecuada.
- b) Establécese unha distancia mínima de seguridade de 1,5 metros nos espazos de atención ao público, nas probas orais e escritas.
- c) Deben empregarse as papeleiras con tapa para a xestión dos residuos de especial risco: panos, máscaras e luvas.
- d) O emprego do ascensor está limitado aos casos xustificados e co límite de aforo indicado.
- e) Reforzarase a ventilación de aulas, se é posible, durante as probas e nos descansos entre proba e proba.

4. Medidas individuais

- a) Deberá acudir ao centro provisto dun **documento de identificación persoal**. Non poderán entrar no centro persoas alleas á proba, excepto os acompañantes do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que o teña xustificado previamente. **Asegúrese de chegar no tempo asignado á súa aula e franxa horaria.**
- b) Deberá levar máscara que cubra dende o nariz ata o queixo.
- c) Deberá manter a distancia de seguridade de 1,5 metros no acceso ao centro, respectando as vías de entrada e saída, subida e baixada sinaladas.
- d) Non se permitirá agardar no vestíbulo ou corredores do edificio: asegúrese de coñecer a localización da súa aula de antemán.



- e) Extreme as medidas de hixiene persoal durante a súa estadía no mesmo: tusa ou esbirre no cóbado, empregue panos desbotábeis e depósitos nas papeleiras con tapa sinalizadas tras o seu uso.
- f) Durante a proba, non poderá partillar material con outras persoas e non poderá saír da aula excepto en casos excepcionais.
- g) Cando remate a proba, deberá saír ordenadamente do centro, seguindo as instrucións do persoal e mantendo sempre a distancia de seguridade. Poderá empregar os aseos, se o desexa.

5. Probas escritas


- a) Deberá chegar con antelación ao centro, nos horarios previstos segundo a aula asignada. Respecte as vías de entrada e saída, as escaleiras de subida e baixada: están debidamente sinalizadas.
- b) Ao entrar na aula, deberá proceder a desinfectar as mans con xel hidroalcohólico.
- c) Deberá sentar no pupitre indicado polo profesor vixilante, mantendo a orde establecida e sen deambular pola aula antes do comezo do exame. Depositará o seu DNI ou documento de identificación cara arriba na esquina dereita do pupitre para que o examinador poida verificar a súa identidade durante as probas.
- d) Non poderá abandonar a aula durante a realización das probas, **incluídos os intervalos**, polo que debe vir provisto de líquidos para beber. Consulte as [Guías informativas do candidato](#) para coñecer a distribución de tempos da proba.
- e) Durante os descansos poderá levantarse para realizar pequenos estiramientos, ou exercicios posturais que non impliquen moverse do pupitre ou reducir a distancia interpersoal.
- f) En casos excepcionais, durante os descansos entre as distintas partes das probas, poderase saír ao baño co permiso do profesorado encargado ou coordinador da proba.

6. Probas orais

- a) Chegue a tempo ao centro, nos horarios previstos segundo as convocatorias publicada na web. Comprobe o espazo de agarda asignado na convocatoria e respecte os itinerarios e as escaleiras de subida e baixada, que están debidamente sinalizadas.
- b) Deberá manter a distancia de seguridade, levando a máscara en todo momento.
- c) Ao entrar na sala de exame, desinfecte as mans con xel hidroalcohólico.
- d) Xa sentado/a, deixe o documento de identificación cara arriba na esquina do seu pupitre máis próxima á mesa do profesor, para facilitar a comprobación da súa identidade.
- e) Durante a realización das probas, a disposición dos pupitres garante a distancia de seguridade entre o profesorado administrador e as persoas candidatas.



- f) Unha vez rematada a proba, as persoas candidatas deben abandonar o centro sen permanecer nos corredores, empregando as rutas de saída e escaleiras sinaladas.



- 1: profesorado administrador – avaliador
- 2, 3, 4: persoas candidatas.

A distancia mínima entre persoas é sempre superior a 1,5 metros.

7. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo

- a) O alumnado que teña unha adaptación para a realización das probas con auriculares deberá, na medida do posible, traer os seus propios auriculares da casa, coa finalidade de garantir unha máxima hixiene. Con todo, de non dispoñer de auriculares propios, a escola facilitaralle uns procurando unhas condicións de hixiene óptimas. Recoméndase desinfectar as mans despois da súa utilización.
- b) As persoas con mobilidade reducida poden empregar o ascensor, coa única restrición da capacidade deste.

8. Uso dos espazos comúns e baños

- a) Como normal xeral, non estará permitido o uso dos baños durante a realización das probas para evitar a circulación de persoas polos corredores. No caso de empregalos, deberá realizarse un uso acorde ao seu aforo e características. Serán desinfectados con frecuencia e os usuarios contribuirán á súa conservación en estado óptimo.



- b) Comprobe previamente na convocatoria publicada na web a aula ou espazo de agarda asignado para as probas, empregue a descrición de espazos máis arriba neste documento. Evite aglomeracións innecesarias no vestíbulo.
- c) Na circulación no interior do centro, sempre que o espazo dispoñible o permita, circule xunto á parede á dereita no sentido da marcha, deixando o lado esquerdo para o sentido contrario. Non se deberá circular en paralelo, senón en fila india e mantendo unha distancia de 1,5 metros.



ANEXO I: ENQUISA DE AUTO-AVALIACIÓN CLÍNICA DA COVID-19

Caso de responder afirmativamente a calquera de estas cuestións, **non debe acudir ao centro**.
Contacte co seu centro de saúde e pida cita de inmediato.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado? Cando?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID19? Cando?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado? Cando?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID19? Cando?		